# A natureza na base do ensino,

# un enfoque globalizador.

# Quen somos?


Baralla*














NOISY 5

# Necesidades


HINZE
ACOSO
RACISMO
MEDO
T.V.
BANDAS
MACHISMO
© Hinze/Scratch! www.scratch.com.au




HAI NENOS NAS CIDADES QUE TEÑEN A CASA CHEA DE XOGUETES
POBRIÑOS... ¿E CON QUÉ XOGAN?




Non podes dar o que
non tes,
nin podes ensinar o
que non sabes.


UN TREN SAE AS TRES E MEDIA DE VALLADOLID...
AH CLARO, OS LIBROS CAMBIAN!
O ANO PASADO SAÍA AS CATRO MENOS CUARTO DE MONFORTE DE LEMOS!!
MATE-MATICAS
CIENCIAS
INGLES
HISTORIA
DAVILA 2014


a
forza
da
cooperación




SE SE CRIAN CORRECTAMENTE NON
SON PERIGOSOS
O MESMO OCORRE
COS CANS


Benvidos a Europa

**CEA(R)**
Comisión Española
de **Ayuda al Refugiado**

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Chegadas por mar a Europa | 225.455 | 1.032.408 | 373.652 | 185.139 | 141.472 | 123.663 | 95.031 | 113.787 |
| Mortes no mar | 3.315 | 4.137 | 5.305 | 3.140 | 2.380 | 2.087 | 2.325 | 3.603 |



# clase de historia nunha imaxe





Países en guerra
> de 10.000 persoas mortas
Entre 1.000 e 10.000
Entre 100 e 1.000
< de 100 no último ano
Países vendedores de guerra

# CONTRATOS-PROGRAMA INNOVA

**Resolución do 11 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan os Contratos-Programa Innova (CPInnova) para fomentar a innovación educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2021/22.**

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de educación, inclúe entre os seus obxectivos para adaptar o sistema educativo aos retos actuais un enfoque transversal orientado a que todo o alumnado teña garantías de éxito na educación por medio dunha dinámica de mellora continua dos centros educativos e unha maior personalización da aprendizaxe. Así mesmo, establece como un dos seus principios o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

## 2.- <u>DAFO / FODA</u>

### DEBILIDADES

**Alumnado e familias:**
- Incremento da perda de motivación do alumnado en niveis escolares superiores.
- Déficit do rendemento escolar
- Baixa participación/interese das familias.
- Perda do uso da Lingua coa diglosia.

**Profesorado e administracións:**
- Esgotamento por parte do profesorado fixo.
- Interinidade de mestres.
- Profesorado novo con pouca experiencia profesional.
- Pouca formación/actualización (ex. as TIC).
- Déficit de coordinación e proxectos comúns entre o profesorado (individualismo).
- Escasas actividades extraescolares.
- Exceso de burocracia.
- Supresión de servizos pola Administración.

**Contorna:**
- Poucas ofertas culturais.

### AMEAZAS

**Alumnado e familias:**
- Nivel de partida do alumnado nas diferentes competencias.
- Posibilidade de conflitos con e entre as familias.

**Profesorado e administracións:**
- A avaliación do alumnado, en ocasións, non coincide co esforzo.
- Cambios lexislativos constantes e contrapostos.
- Relentización da execución de proxectos por mor da burocracia.
- Perda de profesorado.

**Contorna:**
- Despoboamento.
- Déficit de aceso a Internet.
- Posible perda da presencialidade pola pandemia.
- Perda continua de servizos no rural.
- Illamento dos núcleos rurais, poucos contactos entre os nenos e nenas.

### FORTALEZAS

**Alumnado e familias:**
- Canles de comunicación coas familias variadas.
- Existe unha ANPA con actividade.
- Alto número de falantes na Lingua.
- Pouco alumnado por aula.

**Profesorado e administracións:**
- Diversidade de puntos de vista.
- Consciencia das necesidades da comunidade.
- Disposición a mellorar as *C.C.C.C.*
- Actividades do fomento da lectura.
- Bo funcionamento da biblioteca escolar.
- Formación actual e maior dinamismo do profesorado interino.
- Recursos materiais suficientes.
- Espazos de traballo, instalacións axeitadas.
- Mellora da relación e colaboración co Concello.

### OPORTUNIDADES

**Alumnado e familias:**
- Certo dinamismo social.
- Certa resistencia ao despoboamento.

**Profesorado e administracións:**
- Acceso doado a formación.
- Amplo abano de posibilidades para traballar.

**Contorna:**
- Medio natural moi rico.
- Aceso a recursos formativos na natureza.
- Vías de comunicación mínimas.

## 3.- OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN DE MELLORA.

**Modalidade 1 do plan: centro innovador de aprendizaxe (EDUinnova):**

3.1) Utilización de metodoloxías e estratexias innovadoras que faciliten a adquisición das C.C. por parte do alumnado.
3.2) Utilización de ferramentas e materiais diversos que promovan unha aprendizaxe activa aplicada a contidos específicos e aplicada na mesma realidade.
3.3) Ofrecer ao alumnado metodoloxías didácticas diversificadas e activas para garantir o desenvolvemento máximo do seu potencial e a personalización da aprendizaxe.
3.4) Mellorar por un lado a motivación e a autoestima e por outro o éxito escolar baseado no traballo individual e en grupo, dentro e fóra da aula.
3.5) Desenrolo e potenciación nas competencias matemática, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en comunicación lingüística e a competencia dixital a través da súa valorización en actividades e aprendizaxes significativas.
3.6) Elevar os niveis de éxito escolar.

**Establécense uns indicadores de logro e unha serie de actividades a levar a cabo.**
**Así mesmo, danse datos de nº de participantes, temporalización e orzamento entre outros.**

**Modalidade 4 do plan: o centro e os ODS (EDUsostibilidade)**

3.7) Posta en práctica de contidos educativos sobre desenvolvemento sostible e cambio climático na contorna dos Ancares, coa finalidade de mellorar a capacitación do alumnado na adquisición dunha actitude e comportamento responsables.
3.8) Estudo da contorna nunha análise crítica e práctica baseada no coñecemento concreto básico onde se reflicte e se loita contra a crise ambiental global.
3,9) Estudo das **fontes de enerxía sostibles e non contaminantes**, como sistema de loita contra o cambio climático cos seus beneficios ambientais e sociais sen esquecer a visión crítica cos impactos que tamén traen consigo.
3.10) Procura dunha alternativa para que vilas e aldeas dos Ancares inseridas na natureza sexan lugares sostibles, en equilibrio ambiental e xeradores de riqueza cunha xestión sostible dos recursos dende un punto de vista social, cultural e natural, converténdose en amortecedores do cambio climático.
Atendendo á calidade do aire, xestión de residuos, amortecer posibles desastres e protexendo a un tempo o patrimonio cultural e natural.
3.11) Coñecer, valorar e sensibilizar ao alumnado sobre a necesidade de conservar e protexer os ecosistemas presentes na comarca e en Galicia, subliñando o papel da biodiversidade buscando mecanismos de recuperación e conservación, restaurando os ecosistemas danados.

**5.7 Compromisos adquiridos polos participantes.-**

Concello de Baralla: comprometeuse a dar un servizo de internet gratuíto a aquelas familias que non poidan polos seus propios medios de mantelo. Do mesmo xeito proporcionará o material necesario para o traballo escolar.

Familias do alumnado: terán dispoñible nos seus fogares un servizo de internet así como os equipos necesarios para que o alumnado poida estar interconectado para as tarefas escolares mesmo no caso de suspensión das clases. O sinalado compleméntase cos equipos informáticos que a Xunta a través do centro educativo prestaría ás familias que o necesitasen.

ANPA: formación específica dixital para o alumnado do centro co apoio tamén do concello.

CEIP Currelos, no Saviñao: participarán dalgunhas das actividades de RADIO a través dun enlace con emisoras e a participación no programa de radio na emisora comarcal dos Ancares.

Radio As Nogais: emisora para a que se elaboran os programas de radio ao longo do curso. Enviouse invitación aos centros educativos da comarca para que puideran participar tamén deste proxecto.

ARCOA: Asociación de Radioafeccionados da Comarca dos Ancares, prestan axuda na instalación de diferentes aparellos e antenas así como manter a infraestrutura de dous repetidores de radio ademais de dar formación.

Concello de Becerreá: doa a corrente eléctrica necesaria para o mantemento dos repetidores de radio.

Profesorado do centro: comprométese a seguir a traballar (salvo causas maiores) nos proxectos sinalados nos vindeiros anos procurando a implicación do novo profesorado que chegue ao centro.

### 6.1.2 Axenda 30.-

Grupos de actividades relacionadas cos 17 obxectivos da ONU para un desenvolvemento sostible e dos que escollemos estes 5 por orde de execución:

Obxectivo 15: Bosques, desertificación, diversidade biolóxica, forestal e incendios.

Obxectivo 6: Auga e saneamento. Contaminación da auga.

Obxectivo 7: Enerxía. Contaminación do aire.

Obxectivo 13: Cambio Climático.

Obxectivo 3: Saúde.

Contidos que crean ambiente.

Lingua Galega (e Lingua Castelá).










O tratamento das linguas.
Plan Lector do Centro.

# Ciencias Matemáticas




















## Ciencias da Natureza














Ciencias Sociais

RADIO



# ONDE ESTARÁN ?
# A RADIO EN 3º



Nenos e nenas de 6º estiveron escoitando a radio de todos os continentes (menos da Antártida). Pero as nenas e os nenos de 3º estivemos falando pola radio cun colexio descoñecido. Tivemos que utilizar moitos mapas e varias linguas para saber quen eran. Axudaron Santi e Haley.

Europa





Mapa Mundi





Galiza coas provincias

Península Ibérica: Portugal e España




As comarcas



E as parroquias

Abarcamos moitos territorios a través de moitos mapas.

O outro colexio e o noso tivemos que facer preguntas sobre a localización e pouco a pouco ir afinando ata atopar o lugar exacto no que se atopaba cada quen.

Levou nada máis e nada menos que 3 días dar descuberto onde estaban os dous centros. Foi moi emocionante.

Deu traballo atopar na comarca de Terra de Lemos o concello do Saviñao e máis concretamente a aldea de Currelos na parroquia de Vilaesteva.









Para poder falar co colexio de Currelos tivemos que saber como manexar as radios portátiles (walkies), un repetidor no concello de Becerreá e os de Currelos instalar un antena directiva no seu colexio.

Este é o esquema da comunicación que se realizou entre Baralla e Currelos.

Currelos · Repetidor · Baralla




Pero o mellor aínda estaba por vir. Imos ir visitar o colexio de Currelos !!!
E as persoas de Currelos vannos vir visitar !!!

*- Cando se elaborou este artigo a mediados de maio, aínda non se realizaran as visitas-*

# PILAS E BATERÍAS








Ponte...nas Ondas! Contacta Punto de encontro para o audiovisual nas escolas de Galicia e Portugal e os países da área galego

Escolas... nas Ondas!

INICIO RADIONOVAS VÍDEONOVAS BLOG ÚNETE A ESCOLAS NAS ONDAS! DM

# Directorio de Radios nas escolas

6 Febreiro, 2017

**ESTAS SON AS AULAS EMITINDO DAS QUE XA SABEMOS! NON ATOPAS A TÚA? FAINOS SABER DELA EN WEB@ESCOLASNASONDAS.COM**



*Tamén podes consultar aquí o directorio de TV-Escolas

**NO MAPA**









O galego é un home que envexa aos macacos,
o galego é un cisne que quere ser pato,
o galego é unha aguia, que imita aos morcegos
para minimizarse, sendo sobranceiro.
Tendo fala prócer, tatexa en castrapo;
de egrexia liñaxe, anda a ser criado;
era circio e rexo, hoxe é brando, é mol,
doente de abulia, desleixo e langor.
o seu non reclama, aínda deixa agora
que a reo o gobernen as xentes de afora;
non ten nunca arelas de ser, do seu dono,
sempre mergullado nun sono sen soños.
Ignora que cómpre non ser «miñaxoia»,
pois a liberdade non a dan de esmola!

Guadalaxara, Nova Galiza, 1979




loistoiran@edu.xunta.gal 664782590